

# Xullo

## Venres 11 / 20.00 h / Xardín Municipal OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN Dous pallasos en máis apuros

Regresan de novo a Carballo estes dous aloucados pallasos, que veñen dispostos a presentar o seu abraiante número de circo cheo de risco e emoción: O Vaso da Morte. Pero, coma sempre, nada lles sae como estaba previsto. Todos os seus exercicios acrobáticos, propios dos mellores artistas circenses, convértense nunha sucesión de desastres, desencontros e accidentes, pasando do *Máis Difícil Aínda ao cómico Peor Imposible*. O circo e o clown únense neste espectáculo da man de Pedro Brandariz e Fran Rei no que todo o público poderá rir a esgalla durante as improvisacións, os gags destemillantes, as farsas antigas de circo e do magnífico humor destes dous pallasos en máis apuros.



Colabora: Deputación DA CORUÑA



## Xoves 17 / 22.30 h / Xardín Municipal I Ciclo CINE ITINERANTE EN GALICIA Proxección de *Lobos de Arga*

O Concello de Carballo acolle a proxección aberta ao público e gratuíta, da comedia de terror *Lobos de Arga*, film que será presentado por un dos seus intérpretes, o actor galego Manuel Manquilha. Trátase do primeiro pase do Ciclo Gas Natural Fenosa de Cine Itinerante Galicia 2014, iniciativa impulsada pola Academia de Cine. *Lobos de Arga* (2012), de Juan Martínez Moreno, con música do carballés Sergio Moure, relata unha historia que se remonta a 1910, en Arga, un pequena localidade de Galicia, onde unha terrible maldición cae sobre a malvada marquesa de Mariño e o seu fillo, converténdoo nun home lobo no seu décimo aniversario.



## Venres 18 / 22.30 h / Praza do Concello RODRIGO ROMANÍ Arpas de Breogán

Tras o inevitable aprazamento o ano anterior do concerto previsto, Rodrigo Romani presenta *As Arpas de Breogán*, o seu último traballo dedicado ao son da arpa céltica. Composición propia e adaptacións de temas populares e de música culta, compoñen un variado repertorio que engaiola pola súa sonoridade e orixinalidade. Un concerto para gozar en calma.

Dúas arpas, voces, contrabaixo e percusión, son o inicio deste cuarteto que presenta outros instrumentos como ocarinas, guimbaras ou elementos de ambientación electrónica, que fan que o público descubra un xeito diferente de aproximarse á faciana musical dunha cultura ibérica de fonda personalidade milenaria.

Rodrigo Romani é un recoñecido artista. A súa traxectoria aválaio como un dos músicos máis importantes de Galicia. Fundador de *Milladoiro*, percorreu o mundo durante máis de vinte anos promovendo o uso da arpa e tamén interpretando de guitarra, bouzouki ou ocarina, ademais de vocalista. Colabora con artistas de primeira fila internacional e é produtor, premiado compositor e mestre fundador da ETRAD de Vigo. Romani é director da primeira orquesta folk de España, Sondeseu e como solista publicou *Albeida*, *Canto Caucanos* e *As Arpas de Breogán*.



Colabora: Deputación DA CORUÑA



## Xoves 24 / 20.00 h / Praza do Concello MAGÍN BLANCO A nena e o grilo nun barquiño

A nena e o grilo comezan unha viaxe nun barquiño para contemplar un fabuloso mundo cheo de imaxinación, de poesía e de música. Unha historia divertida na que poderemos escoitar a fábula dun dragón namorado do rock&roll, de porquinhos en bicicleta ou de insectos con moitas ganas de troula e poucas de durmir.

O músico e compositor ourensán Magín Blanco –ex do grupo La Rosa– presenta este novo espectáculo –continuación de *A nena e o grilo* e no que contou con colaboracións como as de Anxo Pintos ou Guillermo Fernández– cheo de música e cancións onde coros e palmas, converterán cada historia nunha emocionante festa. O pop, rock& roll, reage ou a música tradicional xunto con cancións pegadizas, divertirán o público máis novo neste espectáculo de aventuras.

Colabora: Deputación DA CORUÑA

# Agosto

## Venres 1 / 22.30 h / Praza do Concello MARÍA DO CEO Corpo de muller e alma de fado

O fado en estado puro dálle nome ao estilo de María do Ceo. Esta artista recoñecida como unha intérprete da música tradicional portuguesa, é considerada no mundo do fado como unha das grandes solistas deste xénero musical, tanto polo seu estilo de cantar como pola súa interpretación.

Neste concerto poderemos escoitar unha selección dos mellores temas da súa historia discográfica. Un fermoso regalo que cobra unha especial forza a súa voz, coa que logra transmitir emocións e sentimentos, cunha melancolía, tenrura e paixón propia dunha excelente cantante de fado.

María do Ceo conxuga as súas múltiples influencias do sentir portugués e a dozura natural do idioma galego, creando de inmediato co público un ambiente máxico cheo de musicalidade. Cunha extraordinaria traxectoria internacional esta artista foi recoñecida e condecorada como embaixadora da cultura galega no mundo



Colabora: Deputación DA CORUÑA



Cartel de Oti Fnz

## Sábado 2 / Praia de Razo / Todo o día IX FESTIVAL SEREAS E PIRATAS

A novena edición do Festival Sereas e Piratas sorprenderá a todos/as os/as fans da cultura surf cunha xornada chea de música e deportes no areal de Razo. Campionatos de surf, skate, long board, volei-praia e outras para máis cativos co Pequepop, obradoiros musicais e de reciclaxe a cargo de Cosmogonías e da asociación Surf&Clean. A sesión vermú correrá a cargo da banda viguesa Linda Guilala e, a partir das 21.00 h, actuarán Arabian Evils, Novedades Carminha, Trajano!, Nudozurdo, Tiki Phantoms e, o prato forte, que será Delorean. A festa rematará con Faber Dj de Estudio 3 da Radio Galega. A organización conta coa colaboración da Federación Galega de Surf, o Artsurfcamp, o Silfocamp, a Asociación Coruñesa de Skaters e a Escola de Volei de Carballo.


Organiza: Asociación Cultural Rebeldía  
Entrada: 12 € anticipada en Ticketea e 15 € na billeteira | [www.sereasepiratas.net](http://www.sereasepiratas.net) | [www.facebook.com/sereasepiratas](http://www.facebook.com/sereasepiratas) | [www.twitter.com/sereasepiratas](http://www.twitter.com/sereasepiratas)

## Venres 8 / 22.30 h / Praza do Concello AMANCIO PRADA INÉDITOS E CLÁSICOS. 40 anos de Vida e Morte

O cantautor ponferradino Amancio Prada regresa, logo de moitos anos a Carballo, para celebrar o 40º aniversario do seu primeiro disco *Vida e Morte*. Este será o punto de partida para un recital de cancións e composicións que representan o universo tan característico do estilo *pradiano*.

Este concerto é unha oportunidade única para escoitar a música deste magnífico cantautor de profundas raíces populares e de pura sensibilidade, onde teñen cabida temas propios ou baseados en textos de grandes poetas e poetisas como Rosalía de Castro, García Lorca, San Juan de la Cruz ou Sánchez Ferlosio, entre outros.

Desde sempre moi vencellado a Galicia e á súa lingua, xa que a súa familia era do Bierzo, Amancio Prada é un dos grandes abandeirados da canción en España e, mostra destos, son os máis de 35 discos publicados, e o grande número de recoñecimentos (máis de 25 entre premios e mencións) que recibiu ao longo da súa carreira musical como a *Medalla Castelao*, a *de Oro del Círculo de Bellas Artes de Madrid* ou a *Medalla de Oro al Mérito de Bellas Artes* no ano 2010.



## Xoves 14 / 20.00 h / Xardín Municipal MARTIN ANDERSEN Ilusionarte

Colabora: Deputación DA CORUÑA

Maxia con caixas, aparatos, xogos falados e musicais e, sobre todo, o público como gran protagonista deste espectáculo, no que a ilusión, as sorpresas e a diversión estarán aseguradas.

Humor e maxia sen igual! Así se presenta o espectáculo estrela do Mago Martín Andersen, co que poderemos gozar de momentos máxicos inesquecibles con moita variedade cun gran número final...

## Venres 22 / 22.00 h / Praza do Concello BEGOÑA RIOBÓ Riobó

Colabora: Deputación DA CORUÑA

Begoña Riobó é, actualmente, a violinista con maior proxección no panorama musical galego, e preséntase en Carballo para dar a coñecer o seu primeiro proxecto en solitario como violinista folk: *Riobó*.

Artista completa que, ademais do violín, domina á perfección instrumentos como a zanfona e a arpa céltica, e é artista de presenza nacional e internacional, xa que forma parte das bandas de Carlos Nuñez, Susana Seivane, The Chieftains, Anxo Lorenzo ou Sondeseu, e estivo presente nos mellores festivais do mundo.

Riobó é o nome do seu grupo e tamén o do seu primeiro traballo que se caracteriza polo virtuosismo dos seus músicos á hora de arranxar e interpretar melodías de tradición galega, sendo fieis ás súas formas e orixe. Un concerto cheo de enerxía, de moita elegancia e momentos de gran virtuosismo, unha mostra de sensacións onde conviven as raíces culturais máis puras con fórmulas interpretativas actuais.




## Do xoves 28 ao domingo 31 / Xardín Municipal / Todo o día PRAZA DOS LIBROS Feira da creatividade cultural

Como todos os anos, o Xardín Municipal énchese a finais de agosto de creatividade e imaxinación! Catro días de animación, contacontos, música, libros, presentacións e moitas outras propostas que encherán de ilusión Carballo. Unha nova edición da feira literaria e cultural que cada ano pretende achegarlle á cidadanía a creatividade galega e as propostas máis frescas da creación literaria, musical e, en definitiva, artística. E todo isto fundido o xoves e o domingo coa feira tradicional... Unha festa de ideas! Véxase o programa completo desta feira.

Colabora: Fundación Luís Calvo Sanz

## Venres 29 / 22.00 h / Praza do Concello FESTIVAL DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL Banda Municipal de Gaitas, Grupos de Música e Baile da AC Nemeth, Grupos de Música e Baile Tradicional de Arume de Berdillo e Grupos de Música e Baile Tradicional de San Campio de Cances.

As asociacións de Carballo presentarán o noso folclore tradicional galego a través de bailes, música e vestuario do noso patrimonio etnográfico. Participarán a Banda Municipal de Gaitas de Carballo, dirixida por Jesús Moreira, os Grupos de Música e Baile da Asociación Cultural Nemeth, dirixida por Álex Ínsua, os grupos de Música e Baile Tradicional de Arume de Berdillo, dirixidos por Miro Regueira. Como novidade, este ano, participarán os grupos de música e baile tradicional de San Campio de Cances, unha das asociacións asinantes máis antigas do convenio musical do Concello de Carballo.



Agosto

- 2 e 3 San Cristovo CARBALLO, núcleo urbano
- 4 Santo Antonio RAZO
- 4 e 5 Perpetuo Socorro ARTES
- 3 Santa Mariña RAZO
- 7 Neno Xesus REBORDELLOS
- 6, 7 e 8 San Salvador SOFÁN
- 9 Festa do Tarambollo SOFÁN
- 9 e 10 San Salvador REBORDELLOS
- 25, 26 e 27 Santiago Apóstolo SISAMO
- 22 Santa María Magdalena ALDEMUNDE
- 18, 19 e 20 O Camme e Santísimo Sacramento OZA
- 16 O Carne LEMA
- 16 Nosa Señora do Carne ENTRECROCUCES
- 16 Nosa Señora do Carne da Piña SOFÁN
- 14 ou 21 O Carne SISAMO
- núcleo urbano
- 12 e 13 A Brea (Festa do Pan) CARBALLO,
- 10 e 11 San Cristovo e Sacramento LEMA
- 5 e 6 O Sacramento ARDAÑA
- 5 Romaría Galega en Imende NOICELA

Xullo

## Festas de verán en Carballo

- 10 Santo Antonio PREARADA - SOFÁN
- 9 Mexillonada LEMA
- 10, 11 e 12 San Lourenzo BERDILLO
- 15 Nosa Señora ARDAÑA
- 15, 16 e 17 Santa María BERTOÁ
- 15, 16 e 17 Santa María RUS
- 15, 16 e 17 Santa María SOFÁN
- 23 Festa dos bañeiros RAZO
- 23 Festa do Berberecho IMENDE - NOICELA
- 25, 26 e 27 San Xines (baixa) ENTRECROCUCES
- 30 San Ramón (Xoane) GOIÑANS
- 31 San Ramón (Goñans) GOIÑANS
- 6 e 7 Milagrosa CARBALLO, núcleo urbano
- 5, 6 e 7 S. Brais, S. Roque e Pto. Socorro OZA
- 8 Os Milagres ARTES
- 8 e 9 Os Milagres en San Sadurniño RUS
- 19, 20 e 21 Santa Irene LEMA
- 16 e 21 Sta. Eufemia BERTOÁ
- 20 As Dolores BERDILLO
- 20 e 21 Santa Eufemia e San Mateo RUS
- 27 e 28 Remedios e Vilamaior VIVENTE - AR-DANA
- 28 e 29 San Miguel VILELA

Setembro

- Xoves 4 de xullo / 20,30 h
- CONCERTO ACÚSTICO
- Apart
- O grupo carballes, Apart, realizará un concerto acústico no marco da exposición dos artistas locais.
- Venres 18 de xullo / 20,30 h
- RECITAL POÉTICO DE ROSALÍA FER-NÁNDEZ E PACO SOUTO
- Xoves 9 de xullo / Carballo
- PROXECTO XEM (Xuventude, Europa e Medioambiente)
- A Asociación Senda Nova está incluído no proxecto Europeo Xuventude, Europa e Medioambiente (XEM), que ao longo de 7 días realizará diferentes actividades como debates, coñecemento do patrimonio ambiental e cultural, contacto con outras entidades...
- Neste proxecto participarán 28 persoas de catro entidades asociativas de Galicia, Eslovaca, París e Torino.
- Información en [www.sendanova.org](http://www.sendanova.org) ou en [www.euro-xem.org](http://www.euro-xem.org)
- Organiza: AC Senda Nova
- Colabora: Concello de Carballo

- Durante tres días o Forum Carballo acolle a décima edición deste curso, referencia no ámbito da lingua no país, e no que se traballará sobre algo fundamental para o futuro idioma: a súa transmisión interxeracional. Así, o programa centrarase na análise da transmisión do galego, cos obxectivos de coñecer e analizar condicionantes que dificultan ou rachan esa transmisión, avaliar experiencias deseñadas e propor medidas e accións de intervención e mellora.
- Información completa e matrícula en: [www.udc.es/sn](http://www.udc.es/sn)
- Organiza: Universidade da Coruña
- Colaboran: Concello de Carballo, Xunta de Galicia e Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CNTL)
- 23 de agosto / Imende - NoiceLA / Todo o día
- XVII FESTA DO BERBERECHO
- Unha das festas gastronómicas máis importantes do municipio onde se poderá degustar un dos produtos típicos da ría de Baldalo, ademais, unha pequena verbena.
- Organiza: ADCR Baldalo
- Colabora: Concello de Carballo



Para a transmisión interxeracional do galego

## X CURSO DE VERÁN SOBRE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

**Do 9 ao 11 de xullo / Fórum Carballo**

Organiza: Asociacións Culturais e Xuvenil Arume

Colabora: Concello de Carballo

atró.

realizados polas entidades organizadoras e na que se poderá degustar unha comida popular e unha exhibición de baile, música e teatro.

Xornada de contratación aberta a todos os públicos na que se expoñerán os traballos realizados polas entidades organizadoras e na que se poderá degustar unha comida popular e unha exhibición de baile, música e teatro.

## XXXXIII ALBAROQUE

**5 e 6 de xullo / Local Social e pistas polideportivas de Berdillo / Todo o día**

Organiza: ADCR Baldalo

Colabora: Concello de Carballo

como unha cea para as persoas asistentes.

Unha nova edición desta festa tradicional na que haberá actuacións musicais de balde así como unha cea para as persoas asistentes.

## XXII ROMARÍA GALEGA

**5 de xullo / 19,00 h / Imende - NoiceLA**

San Cristovo

Colaboran: Concello de Carballo e Igrexa Parroquial de San Cristovo

Organiza: AC San Cristovo

menaxe ao carballes José Pacoret Regueira.


Organiza: AC San Cristovo

## XX ROMARÍA DO GAITERO

**5 de xullo / 19,00 h / Praza de San Cristovo**

Organiza: AC San Cristovo

Organiza: AC San Cristovo



Exposición colectiva de artistas vinculados a

**Cultura**

**EXPOSICIÓN: ARTE E NATURALEZA**

Exposición colectiva de artistas vinculados a Carballo coa que se pretende dar a coñecer o traballo dos nosos creadores e creadoras en diferentes modalidades como pintura, escultura, fotografía e gravado. Arredor do tema da arte e da natureza, a exposición reúne obras de Adriana Díaz, Ana García, Antón Díaz, Antonio Reino, Antonio Taracido, Chiña, Cristina Castro, Dami Varela, Diana Molina, Emilia Rodríguez, Eva Facal, Feituras, Fernando Mouron, Iza Fernández, Jacobo Veiga, Juan A. Villar, Lola Oviedo, Manuel Eirín, Manuel Pazos, Miguel Couto, Milagros Coto, Mon Lendoiro, Mónica Noya, O Mighelo, Oti Fernández, Pedro Tassende, Peter Kramer, Raúl G. Herrera, Ricardo Cutes, Santiago Castro, Santi Picos, Tomás Luna e Viki Riva-dulla. Tomando como marco ARTE E NATU-REZA, as/os artistas participantes organizan os seguintes actos que complementan esta mostra:

## Ata o 30 de xullo / 3º andar do Pazo da

## E ademais...

## Noites de cine

Xullo

- 10 xoves / 22,30 h / RAZO (Praza)
- GRAVITY
- A. C. R. D. San Martiño de Razo
- +12 anos / 91 min
- 16 mércores / 22,30 h / SISAMO
- CAMINANDO ENTRE DINOSAURIOS
- A.V. Santiago Apóstolo de Sisamo
- Todos os públicos / 87 min
- 17 xoves / 22,30 h / XARDÍN MUNICIPAL
- LOBOS DE ARGAL
- ICiño Gas Natural Fenosa cine itinerante en Galicia
- Academia Artes Escénicas e Ciencias Cinematográficas de España. + 12 anos / 101 min
- 22 martes / 22,30 h / OZA (Local Social)
- FUTBOLIN
- A. C. Torre Vixia
- Todos os públicos / 106 min
- 23 mércores / 22,30 h / SOFÁN (Coxeio da Gándara)
- THOR 2
- A.V. San Salvador-Sofán
- + 7 anos / 112 min
- 29 martes / 22,30 h / CANCES (Campo da Capela)
- ZIPI Y ZAPE Y EL CLUB DE LA CANICA
- A. C. San Campio-Cances
- Todos os públicos / 92 min
- 30 mércores / 22,30 h / PRAZA DO CHORIS
- LEGO
- Todos os públicos / 100 min
- 31 xoves / 22,30 h / BALDALO (Pedra do Sai)
- CAMINANDO ENTRE DINOSAURIOS
- A. C. A Foucella
- Todos os públicos / 87 min

Agosto

- 5 martes / 22,00 h / ARDAÑA (Escola de Gonde)
- ZIPI Y ZAPE Y EL CLUB DE LA CANICA
- A. Santa María de Ardaña
- Todos os públicos / 92 min
- 6 mércores / 22,00 h / PRAZA DA MILLAGROSA
- THOR 2
- A.V. Santiago Apóstolo de Sisamo
- Todos os públicos / 87 min
- 7 xoves / 22,00 h / RAZO (Praza)
- CAPTAN PHILLIPS
- A. C. R. D. San Martiño de Razo
- +12 anos / 135 min
- 12 martes / 22,00 h / A BREA
- CAMINANDO ENTRE DINOSAURIOS
- A. C. Mestre Carmen CanceLA
- Todos os públicos / 87 min
- 13 mércores / 22,00 h / XARDÍN MUNICIPAL
- 8 APELLIDOS VASCOS
- + 16 anos / 98 min
- 19 martes / 22,00 h / SOFÁN (Praza)
- LEGO
- A. Mulleres Rurais San Salvador-Sofán
- Todos os públicos / 100 min
- 20 mércores / 22,00 h / PRAZA DE S. CRISTOVO
- FUTBOLIN
- Todos os públicos / 106 min
- 21 xoves / 22,00 h / IMENDE (Pista polideportiva)
- THOR 2
- A. C. A Foucella
- + 7 anos / 112 min

# VERÁN CULTURAL

xullo e agosto 2014



Diseno gráfico: [www.gandestudio.com](http://www.gandestudio.com)



+Info

Organiza: Concellaría de Educación e Cultura  
 Pazo da Cultura. Rúa do Pan, s/n.  
 Teléfono: 981 704 300  
[www.carballo.org](http://www.carballo.org)

Nota:  
 No caso de predición de choiva, as actuacións previstas na Praza do Concello trasladaranse ao Pazo da Cultura ou á Praza de Abastos e a entrada será libre, limitada ao aforo destes espazos. Informarase coa máxima antelación posible.